

MAGO ROMARÍS “GRAN PRODUCCIÓN DE MAXÍA”

20 DE XULLO NA PRAZA DE GALICIA

Destinado a público familiar

O Mago Romarís é un dos magos de referencia no panorama da maxia galega.

A maxia fixo “click” na súa mente no ano 1997 cando asistiu ao espectáculo dun mago que actuaba na rúa. O mago facía cousas imposibles como: **un cigarro desaparecía diante dos seus propios ollos ou unha corda cortada voltaba a recomponse.**

Romarís díxose a si mesmo: “Eu quero ser mago!”

E despois de estar varios meses en Madrid aprendendo doutros magos, asistindo a congresos, estudar libros e sobre todo, PRACTICAR, comeza a actuar en pubs e en toda ocasión que se lle presenta ata que da o gran salto e convirtese nun mago profesional no ano 2002.

Nese ano, un dos concellos de Galicia que contaron con él foi o Concello de Boiro.

O Mago Romarís ten un estilo particular de facer a maxia, combina efectos clásicos e efectos da súa propia creación co humor galego, podéndose calificar como Mago Enxebre.

A Maxia prodúcese cando sorprendes a mente do público, cando lle das unha experiencia que se sae do posible, e non é tarefa doada. O Mago Romarís logra facer esa Maxia.

O día 20 de xullo de 2017, ás 22.00 h na Praza de Galicia de Boiro podemos asistir en vivo e en directo a un espectáculo de Maxia dos que non se ven todos os días.